

Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
3 DE NOVEMBRO DE 2014.**

Presidente Accidental:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Acordouse aprobar a acta núm. 45/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de outubro de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA.

2.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para peche de finca na parcela ubicada no lugar de Filgueiroa, parroquia de Donramiro, Lalín, con efectos dende o 30 de outubro de 2014 e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal en concepto de ICIO.



3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para o exercicio da actividade consistente en Consulta Médica sita en rúa Calzada, nº 18, baixo, dereita, de Lalín.

3.2.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para cambio de actividade de “café bar” a “Cafetería” na rúa Pintor Laxeiro, nº 8, baixo, de Lalín.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal** de data 29 de outubro de 2014, segundo petición formulada por Augas de Galicia en relación a aproveitamento de augas subterráneas .


4.2.- Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal** de data 30 de outubro segundo a petición formulada por Augas de Galicia para legalización dunha explotación de gando porcino na zona de policía do río Carrio, no lugar de Santa Eulalia-O Corpiño, parroquia de Losón, de Lalín.

4.3.- Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal** de data 28 de outubro de 2014 segundo a petición formulada por Augas de Galicia para autorización de obras para reconstrución dunha pontella en Prado de Baixo, parroquia de Alperiz, Lalín.

4.4.- Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal** de data 28 de outubro de 2014, segundo a petición formulada pola Consellería de Economía e Industria respecto á separata do proxecto para LMTA, LMTS CTS no Pazo de Liñares.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “ **AGLOMERADO EN RÚA F, PINTOR LAXEIRO E RÚA MOLINERA (PSIM/14)(CO072014)**”, mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite ordinario e dous criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 147.124,40 €, máis a partida de 30.896,12 € correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución de 1 mes.



5.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DE REDE VIARIA EN MADRIÑÁN E SANTISO (PSIM/14)(CO082014)**”, mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite ordinario e dous criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 106.515,07 €, máis a partida de 22.883,16 € correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución de 1 mes.

6.- EXPEDIENTES DE SELECCIÓN DE PERSOAL.

6.1.- Acordouse aceptar a renuncia presentada do traballador monitor socorrista, contratado ó abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2014 a, con efectos do 1 de novembro do 2014 e a contratación do seguinte aspirante que acadou maior puntuación na acta de cualificación final de dito proceso selectivo.

6.2.- Acordouse aceptar a renuncia presentada pola traballadora monitora de *fitness* e actividades dirixidas para o complexo deportivo multiusos Lalín-Arena con efectos do 1 de novembro de 2014.

7.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

7.1.- Acordouse proceder á **devolución do aval e cancelación** depositado Construcciones Millares Blanco, S.L, polo importe de 6.232,95 €, como garantía para responder da obra “*Acondicionamento e mellora de accesibilidade da praia fluvial Pozo do Boi en Vilatuxe*”.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse aprobar a **concesión dunha axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 80,16 €.

8.2.- Acordouse aprobar **varias altas e baixas no Servizo de Axuda no Fogar.**

8.3.- Acordouse varias altas, renuncias e baixas en relación co **Servizo de Préstamo de Camas-Articuladas.**



8.4.- Acordouse aprobar o presuposto para a realización do “**Taller de Autocoidado**” para mulleres, de 4 horas, repartidas en 2 xornadas de 2 horas cada unha e cun importe de 1.070,85 euros e o taller de manualidades dirixido ás asociacións de mulleres en igualdade, cun importe de 150 euros, sendo o total de ámbas actividades 1.220,85 euros.

8.5.- Acordouse recoñecer a obriga a favor da **Sociedade Pública Información e Comunicación Local, S.A. (CIF: A-15683477)**, correspondente á cota anual do exercicio 2014 por importe de 3.888 €, en virtude do compromiso adquirido coa adhesión ó “**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO**”.

8.6.- Acordouse **autorizar e comprometer un gasto** por importe de 50.000,00 euros (IVE incluído), con destino á execución das obras denominadas “MELLORA DA REDE VIARIA NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA: VILATUXE E LOSÓN” e contratar coa empresa **FERTAF Obras y Servicios S.L.** a execución de ditas obras, segundo a oferta remitida pola mesma, con suxección ao réxime de contratos menores de obras.


8.7.- Acordouse **resolver o procedemento de modificación das condicións da actividade** de café bar prestada na Praza da Torre, nº 7, baixo de Lalín, mediante a imposición das medidas correctoras detalladas na solución 1 do certificado de illamento acústico e ordenar ao titular da citada actividade, que, no prazo dun mes, proceda á execución das obras e actuacións indicadas.

8.8.- Acordouse **resolver o procedemento de modificación das condicións da actividade** de carnicería, prestada na rúa Colón, nº 6, baixo, de Lalín, mediante a imposición das medidas correctoras detalladas no certificado de illamento acústico e ordenar ao titular da citada actividade para que no prazo dun mes, proceda á execución das obras e actuacións indicadas.

8.9.- Acordouse **nomear Director de Obras e Coordinador de Seguridade e Saúde** do contrato menor da obra denominada “REPARACIÓNS EN LALÍN ARENA” a D. Antonio Bernárdez Nogueira, arquitecto técnico municipal.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

9.1.- Acordouse **corrixir o erro apreciado** no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2014 en relación ao Prego de Claúsulas Administrativas da licitación denominada “SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE LALÍN”, apartado S), Pagamento do Contrato.

9.2.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de outubro de 2014, no punto 7.2.

=====

